

As medidas de mellora regulatoria como instrumento na loita contra o despoboamento do medio rural en Galicia

Luís Míguez Macho*¹

Universidade de Santiago de Compostela – Facultade de Dereito

Recibido: 15 de maio de 2020 / Aceptado: 1 de xullo de 2020

Resumen

O obxecto deste traballo é a análise de diversas medidas de mellora regulatoria, introducidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo da última década, que poden axudar a mitigar o despoboamento do medio rural, ao facilitar a implantación de actividades produtivas nas zonas en risco de despoboamento e contribuír, así, á fixación de poboación nelas. Iso inclúe o estudo do novo réxime urbanístico e de intervención administrativa nas actividades económicas no medio rural, así como da aparición, á beira da política tradicional de reestruturación da propiedade agraria, doutra política pública orientada á recuperación e posta en valor da terra produtiva en estado de abandono ou de cultivo deficiente.

Palabras clave

Despoboamento / Medio rural / Mellora regulatoria / Mobilidade de terras.

Regulatory improvement measures as an instrument in the fight against rural depopulation in Galicia

Abstract

The aim of this paper is the analysis of various regulatory improvement measures introduced in the autonomous region of Galicia over the last decade to help mitigate the depopulation of the rural areas by facilitating the establishment of productive activities in areas at risk of depopulation and thus contributing to increasing and maintaining the population there. It includes the study of the new regime of administrative intervention in economic activities in the rural areas, as well as the emergence, together with the traditional policy of restructuring agricultural property, of another public policy aimed at recovering and enhancing the value of productive land which, at the time, is abandoned or under deficient cultivation.

Keywords

Depopulation / Rural areas / Regulatory improvement / Land mobility.

JEL Codes: J19, K23, Q15, R52.

1. Introducción

A Exposición de Motivos do pioneiro proxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia (que non puido concluír a súa tramitación parlamentaria pola disolución anticipada do Parlamento de Galicia producida en febreiro de 2020)², despois de explicar no seu apartado I as causas do actual proceso de diminución da natalidade e consecuente envellecemento e descenso da poboación na Comunidade Au-

*Correspondencia autor: luis.miguez@usc.es

¹ Proxecto de investigación *Instrumentos xurídicos para a loita contra o despoboamento no ámbito rural* (DESPORU), ref. RTI2018-099804-A-100, financiado por FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, Axencia Estatal de Investigación, Goberno de España.

² O texto do proxecto pode consultarse en <https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/aprobada-e-publicada-non-dog/-/nt/0401/anteprojecto-lei-impulso-demografico-galicia>. Última consulta o 4 de maio de 2020.

tónoma, sinala tamén incidentalmente que “a esta complexa situación engádese unha repartición da poboación no territorio que tende cada vez máis a concentrarse nas provincias occidentais, nas maiores áreas urbanas e nos concellos litorais”. A consulta da evolución da poboación galega desde o censo de 1981 ata o padrón municipal de 2019 corrobora que, tras a implantación do autogoberno en Galicia, hai comarcas rurais, case todas de interior, que perderon máis da metade da súa poboación³, polo que as políticas públicas da actual etapa democrática e autonómica non serviron para atenuar a dita tendencia, aínda que se incrementou a dotación de infraestruturas e servizos de todo tipo nesas zonas, o que inclúe, en particular, a mellora das vías de comunicación.

Por conseguinte, Galicia, como as demais comunidades autónomas afectadas polo problema do despoboamento do medio rural, non só necesita deseñar e aplicar políticas públicas efectivas de impulso demográfico, que é ao que vai dirixido o mencionado proxecto de lei, senón tamén de equilibrio demográfico territorial e de dinamización rural. Doutra forma, córrese o risco de que, se tivesen éxito as políticas de impulso demográfico, pero se mantivese a actual tendencia de asentamento da poboación nas zonas urbanas e costeiras, o problema do despoboamento do medio rural e do interior poderíase agravar ulteriormente.

Non parece necesario estenderse acerca dos prexuízos que supón o despoboamento do medio rural. Ademais das consecuencias sobre o patrimonio cultural, etnográfico e arquitectónico das zonas que quedan sen poboación, hai tamén graves repercusións ambientais, como as expostas no Ditame da Comisión Especial non Permanente do Parlamento de Galicia de estudo e análise das reformas da política forestal, da prevención e extinción dos incendios forestais e do plan forestal de Galicia, aprobado o 31 de xullo de 2018, no que se avalía a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de incendios que sufriu Galicia en outubro de 2017⁴. Este documento analiza con detalle, nos seus apartados 3.3.3.1 e 3.3.3.2, os procesos de desagrarización e de envellecemento e perda de poboación no medio rural, que provocan o abandono da terra agraria produtiva e ao que lle segue a extensión desordenada da vexetación e do bosque, que, pola súa vez, é unha das principais causas do aumento do perigo dos incendios forestais.

A implantación de actividades produtivas no medio rural é un dos factores que poderían contribuír a mitigar o despoboamento, ao ofrecerlles aos residentes nesas áreas oportunidades de ocupación *in situ* e, probablemente, atraer nova poboación, tal e como sinalan Bustillo Bolado e Menéndez Sebastián (2005, p. 114 e ss.). Tal implantación depende de circunstancias moi diversas, pero, desde o punto vista xurídico, presentan especial interese, pola incidencia positiva que poden ter, as modificacións lexislativas emprendidas pola Comunidade Autónoma de Galicia na última década co fin de favorecer o emprendemento e o desenvolvemento de iniciativas empresariais. O presente estudo analiza esas tendencias lexislativas de mellora regulatoria dividíndoas en dúas partes.

Por unha banda, estaría o novo réxime urbanístico e de intervención administrativa nas actividades económicas no medio rural. Neste punto abórdanse as novidades en materia de uso do solo para actividades produtivas no medio rural introducidas pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como a definitiva eliminación, mediante a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, do requisito da licenza municipal previa para a apertura ou o funcionamento das actividades económicas que se realizan en establecementos ou instalacións permanentes. Así mesmo, serán obxecto de estudo as previsións da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fo-

³ A poboación total de Galicia diminuíu lixeiramente nese período (de 2.811.912 a 2.699.499 habitantes), pero, na provincia de Lugo, a comarca dos Ancares pasou de 21.407 a 9.873 habitantes, a de Chantada de 21.367 a 13.141, a de Fonsagrada de 12.557 a 4.921, a de Meira de 8.974 a 5.125 e a de Quiroga de 10.197 a 5.178. Máis dramático aínda é o caso da provincia de Ourense, onde A Baixa Limia pasou de 19.112 a 6.676 habitantes, A Limia de 41.480 a 20.075, O Ribeiro de 31.382 a 15.808, Terra de Caldelas de 9.794 a 2.789, Terra de Celanova de 38.907 a 17.497, Terra de Trives de 11.240 a 3.924 e a comarca de Viana de 12.336 a 5.682. En cambio, na provincia da Coruña, un descenso da poboación proporcionalmente tan forte só se aprecia na comarca de Ortegal, que pasou de 21.614 a 11.978 habitantes, e na de Pontevedra, na comarca de Paradanta, que pasou de 25.083 a 12.168 habitantes. Os datos están tomados do Instituto Galego de Estatística, que se basea nos do censo (para 1981) e nos do padrón municipal (para 2019) que publica o Instituto Nacional de Estatística.

⁴ *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, X lexislatura, núm. 346, do 10 de agosto de 2018.

mento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, con especial atención ao réxime de autorización única que establece para os aproveitamentos forestais, de tanta importancia no medio rural galego.

Doutra banda, no ámbito da ordenación da actividade agraria, destaca a aparición, á beira da política tradicional de reestruturación da propiedade agraria, doutra política pública orientada á recuperación e posta en valor da terra produtiva, aínda carente de tratamento na literatura científica, a pesar de que o principal problema ao que se enfronta o agro galego na actualidade xa non é só o minifundismo, senón, sobre todo, o abandono da terra.

2. O novo réxime urbanístico e de intervención administrativa nas actividades económicas no medio rural

2.1. A simplificación do réxime urbanístico dos usos produtivos do solo admisibles no medio rural

A Lei do solo de Galicia de 2016 simplificou considerablemente o réxime urbanístico aplicable á implantación de actividades produtivas no medio rural e, en especial, no solo clasificado como rústico, en relación coas previsións da anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que, con todo, tamén se foran suavizando nas diferentes modificacións que esta experimentou durante o seu período de vixencia.

No solo de núcleo rural, como destaca Valenzuela Rodríguez (2019, pp. 223-224), a Lei do solo de Galicia de 2016 opta por remitirle ao plan urbanístico a concreción dos usos admisibles, dentro do marco xeral que establecen os seus artigos 25 e 26, así como os correlativos artigos 39 e 40 do regulamento da lei, aprobado polo Decreto 213/2016, do 9 de novembro. Ese marco xeral parte de que, como na lexislación anterior, o uso característico das edificacións nos núcleos rurais é o residencial, pero, precisamente para favorecer o asentamento de poboación naqueles, foron considerados como complementarios dese uso residencial, e por tanto admisibles, os usos terciarios ou produtivos, as actividades turísticas e artesanais, os pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, e aqueloutros que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles. En todo caso, quedan prohibidas as naves industriais e as novas instalacións destinadas á produción gandeira, salvo as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo⁵.

Engade o Regulamento da Lei do solo de Galicia que o carácter complementario deses usos e as súas condicións serán definidos polo plan xeral para cada ordenanza que se estableza no solo de núcleo rural (artigo 39.2, parágrafo segundo). Con todo, isto non é exacto, xa que nos municipios de menos de 5.000 habitantes pode non existir plan xeral de ordenación, senón o plan básico municipal previsto no artigo 63 da Lei do solo de Galicia que, á súa vez, desenvolve o plan básico autonómico ao que se refire o artigo 49 desta [ambos instrumentos analizados en Míguez Macho (2019, p. 337 e ss. e p. 340 e ss.)]⁶. En tal caso, a previsión dos usos complementarios admisibles no solo de núcleo rural atoparase nas ordenanzas tipo do plan básico autonómico que asuma cada plan básico municipal.

Non obstante, o cambio máis importante é o que afecta ao solo rústico. Fronte ao complexo sistema de determinación de usos e actividades permitidas, autorizables e prohibidas que establecía a derrogada Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia de 2002, a lei vixente limita-

⁵ Aclara o artigo 40.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia que, para estes efectos, non teñen a consideración de naves industriais as pequenas construcións relacionadas coas actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, e que se entende por pequenas construcións artesanais ou de autoconsumo aquelas explotacións gandeiras que figuran así definidas na normativa sectorial correspondente.

⁶ O Plan básico autonómico de Galicia foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo.

se a enunciar os usos e actividades admisibles (artigo 35.1), e engade a continuación o réxime urbanístico para a súa realización (artigo 36), tal e como se expón en Raposo Arceo (2019, p. 252 e ss.). Para os efectos deste estudo, interesa destacar os usos e actividades máis directamente relacionados coa implantación de actividades produtivas no medido rural, que serían os seguintes: as construcións e instalacións agrícolas en xeral; as construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e das instalacións apícolas; as construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal; as construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura; as actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio; as pirotecnias; as instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo; as instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos; as construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario; as construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen; e as construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados⁷.

Que esas actividades se poidan realizar efectivamente no solo rústico depende de varios factores, que desenvolve Raposo Arceo (2019, p. 263 e ss.). En primeiro lugar, dos instrumentos de ordenación do territorio, que poden incluír como determinacións vinculantes a exclusión en certas zonas dalgúns usos do solo inicialmente admisibles. Na actualidade, en Galicia só hai dous instrumentos xerais dese tipo en vigor: as Directrices de ordenación do territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, e o Plan de ordenación do litoral, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, e unicamente este último contén determinacións que exclúen usos en certas zonas. En segundo lugar, cando se trata de solo rústico de especial protección, terán que respectarse as previsións da lexislación sectorial aplicable á categoría de solo de que se trate, e deberá obterse autorización ou informe favorable do órgano administrativo competente. En terceiro lugar, para as construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, fai falta unha autorización do órgano da Administración autonómica competente en materia de urbanismo⁸. Por último, para as construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo, que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen, e para as construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados, requírese a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, salvo que se poidan acoller ao previsto no artigo 40 da lei en relación coas edificacións existentes de carácter tradicional.

Este último precepto é de gran transcendencia práctica tanto para o uso residencial como para a implantación de usos produtivos no medio rural, porque permite que as edificacións tradicionais existentes en solo de núcleo rural e en solo rústico poidan destinarse a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos, sendo posible a súa reforma, rehabilitación e reconstrución (excepto o límite de altura) sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, e tamén a súa ampliación, mesmo en volume independente, sempre que esta non supere o cincuenta por cento do volume orixinario da edificación. Ademais, o concepto de edificación tradicional que se utiliza é moi amplo, ao non esixirse que a edificación responda realmente ás tipoloxías edificatorias tradicionais, senón só que estivese finalizada con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urba-

⁷ Esta lista foi ampliada polo artigo 50.1 do Regulamento da lei engadindo as construcións e instalacións que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e gozo do dominio público marítimo-terrestre.

⁸ O mesmo prevese para as construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira, pero este uso non supón en si mesmo a implantación dunha actividade produtiva no medio rural, porque, como establece o artigo 52.3.d) do Regulamento da lei, a explotación ha de ser preexistente.

na (artigo 63.5, parágrafo segundo, do Regulamento da lei); para un estudo máis detallado, cabe remitirse a Raposo Arceo (2019, p. 271 e ss.).

2.2. A substitución da licenza de actividade por unha comunicación en todos os municipios

Entre as medidas de fomento do emprendemento, que contén a Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, destaca pola súa importancia o novo réxime de regulación integrada do exercicio de actividades económicas, establecido no seu capítulo III e desenvolvido no Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro. Tal e como sinala a Exposición de Motivos da lei, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia, e do seu desenvolvemento regulamentario, xa efectuara un profundo proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, xeneralizando a comunicación previa ou a declaración responsable como medio de control administrativo nos procedementos da Administración autonómica. Con todo, faltaba por estender ao ámbito das entidades locais estas novas técnicas de intervención administrativa nas actividades económicas exercidas polos particulares, que facilitan o emprendemento fronte á anterior esixencia indiscriminada de autorizacións ou licenzas administrativas, cuestión da que se ocupou amplamente a literatura xurídica (entre outros, Augado Cudolá, 2012, p. 67 e ss.; Fernández Torres, 2011, p. 96 e ss.; González García, 2010, p. 275 e ss.; López Menudo, 2010, p. 115 e ss.).

Nese proceso cabe resaltar, por unha banda, a introdución da comunicación previa ao comezo de actividades comerciais pola Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e, por outra banda, a intervención do Estado con normas como a Lei 25/2009, do 22 de decembro, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que modificou a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos, analizadas en Socias Camacho (2013, p. 224 e ss.) Así mesmo, algúns municipios, sobre todo os de maior poboación, xa aprobaran ordenanzas que introducían a comunicación previa ou a declaración responsable para o exercicio das actividades económicas, pero outros, en particular os pequenos municipios rurais, non o fixeran e seguían esixindo as tradicionais licenzas de actividade, instalación, apertura ou funcionamento, tal e como se expón en Míguez Macho (2018, p. 211 e ss.). Por isto resultaba necesario que a comunidade autónoma establecese un réxime xurídico único e estable nas actividades sobre as que posúe competencia legislativa, pero cuxo control administrativo lles corresponde aos municipios.

O artigo 23.1 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia proclama que no ámbito da comunidade autónoma se suprime con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial. A continuación, o apartado 2 do artigo atribúelles aos concellos o labor de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o que comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, aínda que é o artigo 28 o que enuncia de maneira pormenorizada as potestades municipais nesta materia, que se poden atopar desenvolvidas con carácter xeral en Rodríguez Font (2009, p. 291 e ss.).

A substitución do réxime de licenza polo de comunicación (pois óptase por esta modalidade e non pola declaración responsable) faise efectiva no artigo 24. Este precepto sinala que, con carácter previo ao comezo da actividade ou da apertura do establecemento e, se é o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os interesados presentarán ante o concello respectivo unha comunicación previa, segundo a denominación que utilizaba a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (agora chamada comunicación na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Nela porán en coñecemento da Administración municipal os

seus datos identificadores e achegarán a documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra ou instalación [incluída, de ser necesaria, a correspondente declaración de impacto ou incidencia ambiental, tal e como sinalan Fernández Torres (2011, p. 98) e Garrido Juncal (2016, p. 9 e ss.)]. Tamén cabe acompañar, de maneira facultativa, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal⁹.

O apartado 2 deste artigo 24 engade que, se para o desenvolvemento da actividade fose precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa recollida na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra e, unha vez finalizada a obra, presentárase a comunicación previa ao comezo da actividade (hai que entender que xa sen necesidade de achegar documentación adicional). Adáptase, así, ao novo réxime de intervención a concorrencia de licenzas urbanísticas e de actividade ou apertura, que tradicionalmente se resolvía establecendo a prioridade temporal das segundas sobre as primeiras, con obxecto de evitar o outorgamento de licenza para unhas obras que logo non puidesen servir para o fin ao que estivesen destinadas se non se chegase a obter a licenza de actividade ou de apertura.

Por último, o artigo 24.4 da lei especifica que toda a documentación á que se refire o precepto poderá presentarse telematicamente. Neste caso, as comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito. Sobre este particular, ha de terse en conta que na actualidade as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas (artigo 14.2.a) da Lei 39/2015). Para facer efectivas estas previsións, todos os concellos de Galicia deberán ter na súa páxina web un portal telemático de comunicacións previas e autorizacións administrativas.

En canto aos efectos da comunicación de inicio de actividade, o artigo 25 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia sinala que a comunicación previa presentada cumprindo todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que o habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta á Administración pública para verificar a conformidade dos datos que nela se conteñen. Para ese efecto, os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade e o seu control posterior.

2.3. As medidas de fomento de implantación de iniciativas empresariais e a súa incidencia no medio rural: o réxime de autorización única, con especial referencia aos aproveitamentos forestais

A Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia contén un conxunto heteroxéneo de medidas vinculadas polo fin común de facilitar a realización de actividades económicas na Comunidade Autónoma. Algunhas delas, como as dirixidas a dar saída á sobreoferta de solo empresarial, exceden do obxecto deste traballo, pero outras, as de mellora regulatoria que buscan coordinar e simplificar o réxime de intervención administrativa sobre as actividades produtivas, si teñen, en certos casos, unha incidencia directa sobre o medio rural.

A Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais coordina no seu título II o procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada prevista no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real Decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro [sobre a que cabe remitirse a Chinchilla Marín (2002) e Alonso García (2004)], co de avaliación de impacto ambiental, en cumprimento do artigo 14 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. En concreto, o procedemento que se diseña é de aplicación á autorización de in-

⁹ Estas entidades áchanse reguladas na propia Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e no Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; véxase Garrido Juncal, (2016, p. 17 e ss.).

dustrias ou instalacións industriais que estean legal ou regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o que inclúe as autorizacións establecidas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo IV da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

Así mesmo, nas súas disposicións derradeiras modifica un conxunto de leis autonómicas, entre as que hai que resaltar a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e mais o Fondo de Compensación Ambiental; a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia; e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, co fin de coordinar os procedementos de intervención administrativa e de implantar un réxime de autorización única similar ao da autorización ambiental integrada. Pola súa especial relevancia para o medio rural, interesa deterse nos cambios que a disposición derradeira décima leva a cabo na intervención administrativa sobre os aproveitamentos forestais.

Eses cambios son de dous tipos. En primeiro lugar, prevese que, cando un determinado tipo de aproveitamento forestal necesita autorización da Administración autonómica, esa autorización será en todo caso única, atribuíndoselle a competencia para o seu outorgamento ao órgano forestal, e integrándose a intervención dos demais órganos ou organismos cuxas competencias se vexan afectadas a través de informes preceptivos pero non vinculantes (nova redacción do artigo 92 da Lei de montes de Galicia). Se os informes non se emiten en prazo, entenderanse favorables e, en todo caso, se o procedemento non se resolve en prazo, aplicarase o silencio administrativo positivo como regra xeral. En segundo lugar, por medio dun novo artigo 92 bis incorporado á Lei de montes de Galicia, desenvólvense as previsións da lexislación estatal de montes que someten determinados aproveitamentos forestais a declaración responsable no canto da autorización administrativa previa, coa consecuente simplificación dos trámites para a súa realización. É máis, en supostos en que a necesidade de autorización administrativa vén motivada por esixencias da lexislación sectorial de competencia autonómica, prevese a posibilidade de que as consellerías competentes aproben pregos de condicións que permitirían a substitución da devandita autorización por unha declaración responsable de suxeición a esas condicións (artigo 92.7 da Lei de montes de Galicia). A todo isto hai que engadir outras medidas de simplificación administrativa contidas na nova redacción do artigo 94 da Lei de montes de Galicia¹⁰.

3. As medidas de ordenación da actividade agraria

3.1. Da reestruturación da propiedade agraria á recuperación e posta en valor da terra agraria produtiva

A Lei 4/2015, do 17 de xullo, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que derogou a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia (e tamén a Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais), constitúe un importante fito na regulación da reforma das estruturas agrarias, porque dá os primeiros pasos para integrar este proceso nun concepto máis amplo de desenvolvemento rural e conseguir, desta forma, que se poida converter nun instrumento de loita contra o despoboamento e de dinamización do medio rural. A Exposición de Motivos da lei destaca que a reforma das estruturas agrarias xa non se pode entender de maneira illada, como un fin en si mesmo, xa que os actuais modelos de desenvolvemento rural conciben o medio rural “co-

¹⁰ Esta nova regulación legal foi obxecto de desenvolvemento a través do recente Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia, que, ademais, introduce a obriga xeral de presentar por medios electrónicos as solicitudes de autorización, as declaracións responsables e as comunicacións previstas nela, así como toda a documentación complementaria.

mo un todo no que, sen dúbida, a actividade agraria debe ocupar un lugar principal, pero non único nin independente". Así,

O espazo rural enténdese, desde ese novo enfoque, como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio (p. 29139).

Esta mellora da calidade de vida inclúe, entre outros elementos, a loita contra o abandono da terra, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

A necesidade de superar a concepción tradicional da concentración parcelaria, dirixida a combater o minifundismo que lastraba a modernización produtiva do campo galego, vén tamén motivada polo profundo cambio experimentado por este nos últimos anos. A propia Exposición de Motivos da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia resalta que:

A diferenza de situacións entre o campo galego dos anos 70 do pasado século e a actual resulta case abismal, pasando dunha gran cantidade de poboación dedicada á actividade agraria a unha perda de explotacións e traballos non absorbidos por outras actividades no rural e a unha drástica redución no número de persoas traballadoras e de explotacións, sen dúbida hoxe moito máis produtivas e profesionalizadas, pero que non foron capaces de absorber o excedente de terras derivado da substitución da actividade agraria, asistíndose a un proceso de abandono de terras agrarias, moitas delas con enorme potencial produtivo (p. 29139).

Este abandono da terra, entre outras consecuencias negativas, provoca "o cambio da paisaxe antropoxénica tradicional e o agravamento de fenómenos negativos, como os incendios ou a transmisión de pragas".

En definitiva, a Administración e o lexislador autonómico galego chegaron á conclusión de que de nada serve reestruturar a propiedade agraria se, unha vez realizados os ímprobos esforzos administrativos, técnicos e financeiros que supón todo proceso de concentración parcelaria, as terras acaban por quedar abandonadas por causa do envellecemento e do despoboamento do medio rural. Por iso, a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia menciona entre os obxectivos xerais do seu artigo 2.1 fixar a poboación no medio rural e a loita contra o abandono da terra agraria, en directa conexión coas vixentes directrices de ordenación do territorio, e engade que para logralo, entre outras medidas, procurárase "mobilizar para as explotacións as leiras con vocación agraria en estado de abandono, facendo maior fincapé naquelas situadas nas zonas de concentración ou reestruturación parcelaria" (artigo 2.2.f).

Porén, aínda que a Exposición de Motivos afirma que:

O texto legal fai especial fincapé na mobilización das terras agrarias en manifesto estado de abandono mediante a declaración como perímetros abandonados dun conxunto de predios con vocación agraria, cando poidan supoñer risco de incendios forestais ou sexan obxecto de lumes co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas ás zonas queimadas, ou cando exista demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias (p. 29143).

en realidade a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia non incorpora, directamente, ningunha medida dirixida á recuperación e posta en valor da terra agraria produtiva. A declaración de perímetros abandonados á que se acaba de facer referencia introdúcese, mediante a disposición derradeira primeira, na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, da que se falará no seguinte epígrafe, e tampouco leva aparelada, en realidade, ningunha actuación de mobilización das leiras afectadas, senón máis ben de prevención dos incendios forestais.

3.2. O Banco de Terras de Galicia

O Banco de Terras de Galicia foi creado pola Lei do Parlamento de Galicia 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, hoxe substituída pola vixente Lei de mobilidade de terras. Segundo se desprende do artigo 4.1 desta lei, o Banco de Terras é un instrumento similar a un rexistro xurídico-administrativo, pero destinado especificamente a promover a mobilización da terra agraria produtiva mediante a actividade de mediación que desempeña a súa entidade xestora, na actualidade a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). Así, o seu principal obxectivo é pór en contacto ás persoas titulares de leiras agrarias que non poden ou non desexan cultivalas con aqueles que demandan terra para fins agrarios, ou para outros fins compatibles con eles e que se concretan no artigo 6.1 da Lei de mobilidade de terras. Na medida en que a mobilización da terra agraria contribúe a manter no medio rural as actividades produtivas ligadas á agricultura, á gandaría e á silvicultura, non cabe dúbida de que tamén axuda a mitigar o despoboamento e a dinamizar esas zonas.

Ademais, a Lei de mobilidade de terras ocúpase no seu título VI das leiras agrarias abandonadas, regulando un procedemento administrativo para a súa declaración como tales, o que implica para os titulares a obrigaçión ben de realizar polo menos unha agricultura de conservación, ben de cederllas temporalmente a outra persoa con esa mesma carga ou ben de incorporalas ao Banco de Terras de Galicia. Aínda que esta declaración pode desembocar na mobilización da leira afectada, o que se perseque, sobre todo, é forzar os titulares a cumprir o deber de conservación do solo que lles impón o artigo 16.1 do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real Decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro.

En todo caso, dado o enorme número de leiras agrarias abandonadas que hai na actualidade en Galicia, un procedemento como o mencionado, que se ten que tramitar leira por leira, non é operativo para facerlle fronte por si só ao fenómeno de maneira efectiva, sen que a posibilidade de declaración de perímetros abandonados, introducida pola Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia na de Lei de mobilidade de terras, supoña un avance en tal sentido, pois tamén esixe a tramitación dun procedemento individualizado para cada leira.

3.3. A introdución de novos instrumentos de recuperación e posta en valor da terra agraria produtiva

O Ditame da Comisión Especial non Permanente do Parlamento de Galicia de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, aprobado o 31 de xullo de 2018, ao que se fixo referencia na Introdución, contén algunhas propostas de novos instrumentos de recuperación e posta en valor da terra agraria produtiva. Así, no seu apartado 82, recomenda impulsar o establecemento de entidades similares ás xuntas de compensación urbanísticas para facilitar a xestión conxunta das terras mediante a súa integración obrigatoria, sempre que as ditas entidades sexan promovidas polos titulares da maioría da superficie do ámbito de actuación. Con todo, as xuntas de compensación urbanística non parecen un bo modelo para trasladar ao ámbito da xestión agraria, xa que, á parte das evidentes diferenzas entre a xestión urbanística e a agraria, a experiencia demostra que tales entidades con frecuencia fracasan cando a propiedade está moi dividida, que é xusto o que sucede no medio rural galego, por non falar do problema que suporía a integración nestas iniciativas das leiras de propietario descoñecido. Sería máis adecuado fomentar a constitución de entidades de xestión conxunta da terra agraria, de carácter asociativo e voluntario, estendendo o modelo das sociedades forestais ao ámbito agropecuario, pero superando o carácter obrigadamente mercantil que estas teñen na lexislación estatal que as regula (disposición adicional quinta da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes).

Outra recomendación, que se recolle no apartado 83 do Ditame, consiste na creación da figura dos polígonos agrícolas e forestais, vinculados a proxectos agroforestais viables, dentro dunha ordenación integral do territorio rural de Galicia que se tería que desenvolver con carácter previo. Esta proposta

lígase expresamente ás actuacións de fixación de poboación no medio rural, polo que se tería que dar preferencia á participación nos proxectos agroforestais dos habitantes da zona delimitada. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural asumiría o protagonismo tanto na delimitación dos polígonos, atendendo á demanda de empresas agrogandeiras e forestais ou á iniciativa de novos emprendedores que necesiten terras para levar a cabo proxectos viables, como na mediación entre estes promotores e os titulares das terras para a súa venda ou arrendamento, incluíndo a investigación da propiedade nos casos en que non estea debidamente determinada.

A denominación de polígonos está de novo tomada do ámbito urbanístico, pero, máis aló destas dúbidas analoxías, a clave do éxito da proposta áchase, sen dúbida, na existencia de proxectos de explotación agraria concretos e viables que garantan que as terras afectadas pola actuación vaian ser traballadas, con reestruturación da propiedade ou sen ela. Por iso, nun apartado anterior do Ditame, o 81, recoméndase tamén o desenvolvemento, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e en colaboración cos concellos e outros actores públicos e privados, de proxectos piloto de mobilización de terras agrarias, cando exista unha demanda efectiva para o desenvolvemento de iniciativas produtivas.

Con esta finalidade, o artigo 21.dous da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu un novo artigo 47 bis na Lei de mobilidade de terras que regula os denominados “proxectos de mobilización de terras”. O precepto habilita á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para identificar e declarar como zonas de actuación integral para o desenvolvemento destes proxectos áreas maioritariamente abandonadas (o que implica que dentro do seu perímetro poderá haber leiras en explotación que queden á marxe do proxecto de mobilización) que alcancen, en principio, unha superficie igual ou superior a dez hectáreas, aínda que se admite, excepcionalmente, que poidan ter unha extensión inferior, en todo caso superior a tres hectáreas. A execución destes proxectos, sempre atribuída á Axencia, implica a incorporación das leiras abandonadas ou deficientemente cultivadas ao Banco de Terras (salvo que se trate de bosques situados en terreos comunais, que non se incorporan ao banco) para a súa inmediata cesión a aqueles que participen no proxecto, por mutuo acordo entre as partes, con obxecto de poñelas en explotación.

En principio, a participación dos titulares das leiras no proxecto de mobilización é voluntaria, pero negarse a facelo supón a obriga de mantelas en explotación conforme ás boas prácticas agroforestais. En caso contrario, iniciárase o procedemento para decláralas en estado de abandono, co que acabarían incorporándose de maneira forzosa ao Banco de Terras e, consecuentemente, ao proxecto de mobilización. Desta forma, a eventual oposición ou resistencia dos titulares de leiras abandonadas ou deficientemente cultivadas a integralas nestes proxectos non frearía a súa execución, sen prexuízo de que, se aqueles deciden explotalas por si mesmos, non se verían obrigados a cedelas a terceiros, porque o obxectivo de evitar o abandono estaría conseguido.

Outra dificultade para a execución destes proxectos deriva da enorme cantidade de leiras de propietario descoñecido que hai no medio rural galego, moitas veces pertencentes pro indiviso a comunidades hereditarias das que resulta moi difícil seguir o rastro. Para resolvela, o artigo 47 bis da Lei de mobilidade de terras permite a integración preventiva nos proxectos de explotación das leiras abandonadas que se achen en proceso de investigación da titularidade, ou respecto das que resulte imposible identificar o propietario, ou que pertenzan pro indiviso a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que se lles deba dar ou, por último, que estean declaradas como de propietario descoñecido. A integración preventiva faise coa lóxica reserva de salvagardar os dereitos dos titulares, que poderán ser exercitados por estes unha vez determinada, se fose o caso, a propiedade das leiras.

A estas previsións acábase de unir o programa de “aldeas modelo” do novo artigo 47 ter da Lei de mobilidade de terras, incorporado a esta polo artigo 18.dous da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Segundo a Exposición de Motivos da lei, o programa

Está deseñado como un sistema para recuperar e pór en valor as terras circundantes a núcleos de poboación, incluíndo total ou parcialmente as súas faixas secundarias de protección de biomasa,

coa finalidade de recuperar a capacidade agronómica do perímetro do proxecto, a súa rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística, a promoción do emprego e a dinamización socioeconómica (p. 12107).

4. Conclusións

Este estudo mostra como a política de mellora regulatoria emprendida pola Comunidade Autónoma de Galicia ao longo da última década pode ser un factor que contribúa a mitigar o despoboamento do medido rural, ao facilitar a implantación de actividades produtivas nas zonas en risco de despoboamento e contribuír, así, á fixación de poboación nelas. Hai ámbitos nos que os avances producidos son substanciais, como o do réxime urbanístico e de intervención administrativa nas actividades económicas, apreciablemente simplificado polas últimas modificacións lexislativas, malia que aínda subsistan aspectos que precisarían de ulteriores melloras (en particular, a tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, que na actualidade é un dos elementos que máis atrasa a execución dos proxectos empresariais suxeitos a esta forma de intervención). Polo demais, non debe descoñecerse que a implantación de actividades produtivas no medio rural non só depende da existencia dun marco regulatorio favorable, senón tamén da dispoñibilidade das infraestruturas e servizos necesarios, entre os que, na actualidade, adquiren especial relevancia aqueles ligados á sociedade e á economía dixitais, tal e como se expón en Martínez Puche (2019).

Outro importante desafío para Galicia é o que representa o abandono da terra agraria produtiva. A experiencia práctica no funcionamento do Banco de Terras de Galicia e na aplicación da vixente Lei de mobilidade de terras aconsellou a previsión de novos instrumentos de recuperación e posta en valor das terras en estado de abandono ou de cultivo deficiente, instrumentos nos que a iniciativa da Administración pasa a ser determinante e, sobre todo, permite actuar conxuntamente sobre extensións de terreo dunha certa entidade para facer viables proxectos de explotación agraria de envergadura. Desta maneira, probablemente poida superarse o problema que supón ter que esperar á decisión voluntaria dos titulares das leiras de incorporalas ao Banco de Terras¹¹, que só se exceptuaba nos supostos de declaración individualizada de leiras en estado de abandono. Así mesmo, tamén se logrará superar a dificultade que presenta, para os suxeitos ou entidades interesadas en emprender proxectos de explotación agraria, o acceso a extensións de terreo suficientes para levarlos a cabo, por mor da fragmentación que segue caracterizando a propiedade agraria en Galicia e da falta de determinación da titularidade de moitas terras.

Bibliografía

- Aguado Cudolá, V. (2012). La libertad de establecimiento de los prestadores de servicios: autorización, declaración responsable, comunicación previa y silencio positivo. En V. Aguado Cudolá e B. Noguera de la Muela (Eds.), *Impacto de la Directiva de Servicios en las Administraciones Públicas: aspectos generales y sectoriales* (pp. 67-90). Barcelona: Atelier.
- Alonso García, M. C. (2004). Autorización ambiental integrada. *Revista Aragonesa de Administración Pública, extra 7*, 81-97.
- Bustillo Bolado, R. O. e Menéndez Sebastián, E. M. (2005). *Desarrollo rural y gestión sostenible del monte*. Madrid: Iustel.
- Chinchilla Marín, M. C. (2002). La autorización ambiental integrada: la Ley 16/2002, de 1 de julio, de prevención y control integrados de la contaminación. *Administración de Andalucía: Revista Andaluza de Administración Pública, 47*, 43-72.

¹¹ Segundo os datos publicados na propia páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (<https://agader.xunta.gal/é/banco-de-terras/datos-principais/>), actualizados a 15 de agosto de 2019, están incorporadas ao Banco de Terras un total de 10.570 leiras (duns once millóns de leiras rústicas que hai en Galicia), que representan unha superficie de 5.461,91 hectáreas (sobre case tres millóns de hectáreas de superficie rústica, aínda que dous millóns o son de superficie forestal). Última consulta o 5 de maio de 2020.

- Comunidade Europea. (2006). Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. *Diario Oficial de la Unión Europea*, L 376, do 27 de decembro de 2006, 36-68.
Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32006L0123&from=EN>
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio. *Diario Oficial de Galicia*, 36, do 22 de febreiro de 2011, 2893-2921.
Recuperado de: https://xeg.xunta.gal/sites/default/files/documentos/Decreto%2019_2011.pdf
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 37, do 23 de febreiro de 2011, 2974-3009.
Recuperado de: https://xeg.xunta.gal/sites/default/files/documentos/Decreto%2020_%202011.pdf
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 213, do 9 de novembro de 2016, 49305-49721. Recuperado de: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161109/AnuncioG0422-281016-0013_es.pdf
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. *Diario Oficial de Galicia*, 213, do 9 de novembro de 2016, 49722-49802. Recuperado de: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161109/AnuncioG0424-281016-0016_es.pdf
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 162, do 27 de agosto de 2018, 39198-39319. Recuperado de: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180827/AnuncioG0422-090818-0001_es.pdf
- Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 97, do 20 de maio de 2020, 20716-20807. Recuperado de: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200520/AnuncioG0426-080520-0001_es.pdf
- Fernández Torres, J. R. (2011). Regímenes de intervención administrativa: autorización, comunicación previa y declaración responsable. *Revista Catalana de Dret Públic*, 42, 85-114. Recuperado de: <http://revistes.eapc.gencat.cat/index.php/rcdp/article/view/2216>
- Garrido Juncal, A. (2016). Las transformaciones del régimen de intervención administrativa en el procedimiento de evaluación de incidencia ambiental de actividades. El supuesto particular de la legislación gallega. *Revista Catalana de Dret Ambiental*, VII(1), 1-28. Recuperado de: <https://www.raco.cat/index.php/rcda/article/view/314953>
- González García, J. V. (2010). Autorizaciones, comunicaciones previas y declaraciones responsables en la transposición de la Directiva de Servicios. *Revista d'Estudis Autonòmics i Federals*, 11, 255-293. Recuperado de: <https://www.globalpoliticsandlaw.net/articulos/autorizaciones-comunicaciones-previas-y-declaraciones-responsables-en-la-transposicion-de-la-directiva-de-servicios/>
- Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana. *Boletín Oficial del Estado*, 107, do 5 de maio de 1975, 9427-9448.
Recuperado de: <https://www.boe.es/boe/dias/1975/05/05/pdfs/A09427-09448.pdf>
- Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 22, do 2 de febreiro de 1984 e *Boletín Oficial del Estado*, 13, do 15 de xaneiro de 1985. Referencia: BOE-A-1985-877.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1985/BOE-A-1985-877-consolidado.pdf>
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 80, do 3 de abril de 1985. Referencia: BOE-A-1985-5392.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1985/BOE-A-1985-5392-consolidado.pdf>
- Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 160, do 22 de agosto de 1985 e *Boletín Oficial del Estado*, 275, do 16 de novembro de 1985. Referencia: BOE-A-1985-23695.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1985/BOE-A-1985-23695-consolidado.pdf>
- Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 176, do 23 de xullo de 1992. Referencia: BOE-A-1992-17363. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1992/BOE-A-1992-17363-consolidado.pdf>
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 285, do 27 de novembro de 1992. Referencia: BOE-A-1992-26318. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1992/BOE-A-1992-26318-consolidado.pdf>

- Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 241, do 8 de outubro de 1998. Referencia: BOE-A-1998-23284.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1998/BOE-A-1998-23284-consolidado.pdf>
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 280, do 22 de novembro de 2003. Referencia: BOE-A-2003-21339. Última modificación: 21 de xullo de 2015. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2003/BOE-A-2003-21339-consolidado.pdf>
- Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia. Comunidade Autónoma de Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, 171, do 18 de xullo de 2007, 31238-31251.
Recuperado de: <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2007/05/21/7/dof/spa/pdf>
- Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 109, do 6 de xuño de 2008 e *Boletín Oficial del Estado*, 165, do 9 de xullo de 2008. Referencia: BOE-A-2008-11587. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2008/BOE-A-2008-11587-consolidado.pdf>
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 252, do 29 de decembro de 2009 e *Boletín Oficial del Estado*, 30, do 4 de febreiro de 2010. Referencia: BOE-A-2010-1708.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2010/BOE-A-2010-1708-consolidado.pdf>
- Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 308, do 23 de decembro de 2009. Referencia: BOE-A-2009-20725.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2009/BOE-A-2009-20725-consolidado.pdf>
- Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. Comunidade Autónoma de Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, 86, do 9 de abril de 2010, 32123-32154. Recuperado de: <https://www.boe.es/boe/dias/2010/04/09/pdfs/BOE-A-2010-5665.pdf>
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 249, do 29 de decembro de 2010 e *Boletín Oficial del Estado*, 25, do 29 de xaneiro de 2011. Referencia: BOE-A-2011-1649.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-1649>
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 55, do 5 de marzo de 2011. Referencia: BOE-A-2011-4117.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2011/BOE-A-2011-4117-consolidado.pdf>
- Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 205, do 26 de outubro de 2011 e *Boletín Oficial del Estado*, 272, do 11 de novembro de 2011. Referencia: BOE-A-2011-17718. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2011/BOE-A-2011-17718-consolidado.pdf>
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 140, do 23 de xullo de 2012 e *Boletín Oficial del Estado*, 217, do 8 de setembro de 2012. Referencia: BOE-A-2012-11414.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2012/BOE-A-2012-11414-consolidado.pdf>
- Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 311, do 27 de decembro de 2012. Referencia: BOE-A-2012-1559.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2012/BOE-A-2012-15595-consolidado.pdf>
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 247, do 27 de decembro de 2013 e *Boletín Oficial del Estado*, 25, do 29 de xaneiro de 2014. Referencia: BOE-A-2014-883.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2014/BOE-A-2014-883-consolidado.pdf>
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 296, do 11 de decembro de 2013. Referencia: BOE-A-2013-12913.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-12913-consolidado.pdf>
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 310, do 27 de decembro de 2013. Referencia: BOE-A-2013-13645.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2013/BOE-A-2013-13645-consolidado.pdf>

- Lei 4/2015, do 17 de xullo, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 131, do 14 de xullo de 2015 e *Boletín Oficial del Estado*, 196, do 17 de agosto de 2015. Referencia: BOE-A-2015-9230.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-9230-consolidado.pdf>
- Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 77, do 31 de marzo de 2015. Referencia: BOE-A-2015-3442. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-3442-consolidado.pdf>
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Lexislación consolidada. Xefatura do Estado. *Boletín Oficial del Estado*, 236, do 2 de outubro de 2015. Referencia: BOE-A-2015-10565.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-10565-consolidado.pdf>
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 34, do 19 de febreiro de 2016 e *Boletín Oficial del Estado*, 81, do 4 de abril de 2016. Referencia: BOE-A-2016-3191.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-3191-consolidado.pdf>
- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 203, do 25 de outubro de 2017 e *Boletín Oficial del Estado*, 273, do 10 de novembro de 2017. Referencia: BOE-A-2017-12949. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2017/BOE-A-2017-12949-consolidado.pdf>
- Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Lexislación consolidada. Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 247, do 28 de decembro de 2018 e *Boletín Oficial del Estado*, 68, do 20 de marzo de 2019. Referencia: BOE-A-2019-3997.
Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2019/BOE-A-2019-3997-consolidado.pdf>
- Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Comunidade Autónoma de Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, 33, do 7 de febreiro de 2020, 12104-12191. Recuperado de: <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2019/12/23/7/dof/spa/pdf>
- López Menudo, F. (2010). La transposición de la Directiva de Servicios y la modificación de la Lei 30/1992: el régimen de la declaración responsable y de la comunicación previa. *Revista Española de la Función Consultiva*, 14, 111-149. Recuperado de: <https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/28828/La%20transposici%c3%b3n%20de%20la%20Directiva%20de%20Servicios.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Martínez Puche, A. (2019). Territorios inteligentes y desarrollo local. Del concepto al precepto. En M.T. Cantó López (Ed.), *Los territorios rurales inteligentes: administración e integración social*. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters-Aranzadi.
- Míguez Macho, L. (2018). El impacto de la Directiva de Servicios en el Ordenamiento jurídico español. En D. Santiago Iglesias e M. Bertel (Eds.), *Libre prestación de servicios y Administración local. Análisis comparativo de la transposición de la Directiva Bolkenstein diez años después* (pp. 189-224). Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters-Aranzadi.
- Míguez Macho, L. (2019). Clases de planes y sus procedimientos de tramitación y aprobación. En F. J. Sanz Larruga e A. Fernández Carballal (Eds.), *Derecho urbanístico de Galicia. En homenaje al Profesor Meilán Gil* (pp. 325-389). Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Raposo Arceo, J. (2019). Suelo rústico en la nueva normativa del suelo de Galicia: un nuevo enfoque regulatorio. En F.J. Sanz Larruga e A. Fernández Carballal (Eds.), *Derecho urbanístico de Galicia. En homenaje al Profesor Meilán Gil* (pp. 233-291). Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Real Decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei de solo e rehabilitación urbana. *Boletín Oficial del Estado*, 261, do 31 de outubro de 2015, 103232-103290.
Recuperado de: <https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/31/pdfs/BOE-A-2015-11723.pdf>
- Real Decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. *Boletín Oficial del Estado*, 316, do 31 de decembro de 2016, 91806-91842. Recuperado de: <https://www.boe.es/eli/es-rdlg/2016/12/16/1/dof/spa/pdf>
- Rodríguez Font, M. (2009). Declaración responsable y comunicación previa: su operatividad en el ámbito local. *Anuario del Gobierno Local*, 1, pp. 261-300. Recuperado de: http://repositorio.gobiernolocal.es/xmlui/bitstream/handle/10873/641/RODRIGUEZ_p261_300Ranuario2009_completo-6.pdf?sequence=1&isAllowed=y

- Socias Camacho, J. M. (2013). El nuevo modelo de intervención administrativa en el ámbito local. *Revista Aragonesa de Administración Pública*, 41-42, 207-240. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4486349>
- Valenzuela Rodríguez, M. J. (2019). Suelo de núcleo rural. En F.J. Sanz Larruga e A. Fernández Carballal (Eds.), *Derecho urbanístico de Galicia. En homenaje al Profesor Meilán Gil* (pp. 207-231). Valencia: Tirant Lo Blanch.